

Os textos galegos dos últimos anos reflicten unha preferencia polas temáticas vencelladas á realidade. A manida crise e os cambios sociais e económicos condicionan boa parte da produción literaria europea e tamén da galega. Estas continxencias afectan a factores extratextuais, mais non por iso menos literarios, como a edición, a distribución e a difusión das achegas da crítica: publícase menos¹ e minguan os espazos desde os que publicitar e reflexionar sobre os textos. No caso galego o problema agrávase. Á excusa xeralizada da crise económica á que se acode para xustificar un menor investimento e un menor esforzo por canalizar estratexias que favorezan a fluidez de empresas vencelladas á cultura, súmaselle a consideración subsidiaria que algúns teñen aínda da literatura galega. Péchanse varios dos medios galegos que apostan pola cultura propia e poténciase unha viraxe ideolóxica cara o centralismo, desde o estado e desde a propia comunidade autónoma, que serve tanto de parapeto como de narcotizante para frear as industrias culturais galegas entre as que se atopan as do libro. Con este panorama, non é de estrañar que algunhas narracións do 2013 sigan o vieiro encetado xa en anos anteriores e recollan, mesmo para denunciar, algúns dos aspectos máis sórdidos da sociedade actual. Aínda non se asentou ningunha “etiqueta” que alcuñe esta liña narrativa pero, á falta delas, poderían valer os sintagmas “neorrealismo postindustrial” ou “realismo indignado”, que xa teño apuntado noutro lugar.

O branco que se escolle nas novelas que mellor encadran esta temática é o labor xornalístico, polo descrédito da profesión, polo aumento imparable da manipulación e da censura, polas condicións laborais dos traballadores e, como xa se indicaba con anterioridade, polo peche de moitos medios de comunicación escritos. É o caso de *Todos os días* de Alberto Ramos (Sotelo Blanco), protagonizada por un mozo en paro tras pechar o xornal no que traballaba de xeito precario, que evidencia como a linguaxe económica, pragada de tecnicismos e siglas, asolaga a linguaxe coloquial e mesmo a literaria, ao tempo que a violencia empresarial empurra aos “sen traballo” a estados comatosos. Tamén o é a novela de Manuel Veiga, *Os xornalistas utópicos* (Xerais), que repasa a historia da sociedade galega desde que se inaugura a democracia do Estado español ata o momento do comezo da crise, desde o punto de vista dun xornalista. Como telón de fondo, para un lector galego, figura o percorrido ao longo de trinta anos dun xornal fundamental para o galeguismo, *A Nosa Terra*, pechado tamén recentemente.

¹ En marzo de 2014 o Instituto Nacional de Estadísticas dá a coñecer os datos relativos ao número de textos editados en España nas diferentes linguas oficiais ao longo do ano pasado (<http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft12%2Fp401&file=inebase&L=0>). Descende o número de libros publicados con respecto ao 2012, seguindo unha tendencia que xa comezou anos atrás. Os datos para o galego son devastadores: mentres que no ano 2008, data na que se iniciou este descenso, o número de textos publicados en galego foi de 2.070, no 2013 suma de 730, tal e como se constata, á parte de no documento citado, no seguinte artigo: <http://praza.com/cultura/6831/o-numero-de-libros-editados-en-galego-caeu-case-a-metade-en-2013/>.

Esta sorte de realismo plásmase de dous xeitos: ocupando o lugar central dos textos, como acabamos de ver, ou impregnando os discursos, as ambientacións, os personaxes ou certos motivos diexéticos de narracións que se encadran por convención noutros xéneros. Así acontece cos exemplos de novela negra. De xeito parello ao que sucede noutros sistemas literarios europeos, constátase un auxe do policial nos últimos tempos, en canto ao número de textos e ás vendas. En canto ao recoñecemento e canonización, quizais porque a calidade das novelas é moi desigual, aínda segue ocupando posicións un tanto periféricas, como ben veñen apuntando os autores. Un dos que máis sobresaé é Diego Ameixeras. En *Todo Ok* (Xerais) adéntrase no narcotráfico visto desde a perspectiva duns personaxes que nada teñen que perder nunha sociedade que nada lles ofrece. A radiografía da inxustiza social faise máis profunda en *Matarte lentamente* (Xerais), tamén do mesmo escritor. Aquí a impudicia e a corrupción non se reflicte só a través de personaxes marxinais, que á fin son as vítimas, senón a través da miseria moral do poder, nomeadamente do poder económico, personificada na impunidade coa que os bancos españois comercializaron produtos altamente tóxicos. Francisco Castro tamén rexistra a falta de ética dos estamentos máis altos en *O corazón da Branca de Neve* (Galaxia). Médicos e policía artellan unha rede para roubar recén nados a emigrantes sen papeis e venderllos a familias con suficiente poder adquisitivo e falta de escrúpulos, que rexistra o impacto que produciu o descubrimento real dunha trama deste tipo. Algo diferente é a obra de Pedro Feijoo, *A memoria da choiva* (Xerais). Do mesmo xeito que o xénero policial se cruza cunha corrente realista, teñen lugar outras hibridacións interxenéricas, moi do gusto actual. Feijoo prefire integrar elementos históricos nas súas tramas, o que seguramente explica parte do seu éxito. Mentres o lector osma ao longo das páxinas para resolver a intriga, reconstrúe, con máis ou menos verosimilitude, episodios moi próximos á súa realidade ou a algún dos tótems comunitarios. Na novela citada, onde morren asasinados investigadores da obra e da vida de Rosalía de Castro, adentrámonos na biografía, parte dela certamente descoñecida, da escritora máis mitificada da literatura galega. Deste xeito, a intersección non se produce só co realismo e a historia, senón tamén coa identidade, sobre a que se volverá máis adiante.

Coa historia tamén teñen que ver aqueles relatos que se sitúan na órbita da Guerra Civil, temática moito menos fecunda agora que en anos anteriores. De feito, as novas achegas focalizan a atención en aspectos colaterais á contenda, como sucede nalgúns dos contos que Luis Rei Núñez recompila en *Días que non foron* (Xerais), en *A vitoria do perdedor* de Carlos G. Reigosa (Xerais), que ten como protagonista a dignidade da fuxida dun maqui, ou en *Winnipeg* escrita por Hixinio Puentes (Xerais), onde se narra a peripecia de tres galegos que foxen das forzas franquistas a bordo do barco que lle dá título ao libro, fretado por Pablo Neruda.

A vertente histórica, que precedeu en éxito á moda da novela negra na contorna europea, aparece en contadas ocasións como xénero unívoco ao que adscribir os textos do 2013. Mesmo a obra de Xosé María Lema, *Costa do solpor* (Xerais), onde se narran as andainas marítimas dunha goleta que parte do Caribe para refuxiarse na Costa da

Morte no século XVIII, abeira o xénero de aventuras á par do histórico. Algo parecido ocorre con *Cadeas*, de Xabier López (Xerais). Malia que parte da materia narrativa ten que ver con acontecementos históricos, algúns ben curiosos, a natureza discursiva aproxima a novela ao xénero experimental ou vangardista, pola estrutura interna en caixas chinesas, como suxire o propio título, polo fragmentarismo e polo marco metaliterario que a encadra. A vizosidade desta novela, moi propia dun autor preocupado sempre por implicar ludicamente a un lector activo, valeulle para facerse co Premio Xerais.

Sigamos entón por aqueles textos que procuran a experimentación, a vocación metaliteraria e a marroquinería estilística, tres características que figuran nas narracións que queren ser arte; non só contar unha historia. A literatura galega, precisamente por ser unha literatura minorizada que dificilmente pode agardar grande rendimento económico, fai do defecto virtude e aposta en ben ocasións por textos de calidade traballados coa dedicación do artesán, ou do poeta. Así se reflicte no conxunto de relatos que Antón Riveiro Coello, un dos autores máis recoñecidos da narrativa actual, reúne en *Acordes náufragos* (Galaxia). Riveiro Coello aproxímase aos naufraxios íntimos da existencia humana ao compás do mar e da música que marcan as palabras. Metaliteraria é a novela de Juan Tallón, *Fin de Poema* (Sotelo Blanco), gañadora do Premio Loureiro Rey de Novela Curta en 2012. Nela recreáanse os últimos días de catro escritores suicidas: Cesare Pavese, Anne Sexton, Gabriel Ferrater e Alejandra Pizarnik, desde o punto de vista dos propios autores e desde as coordenadas dos seus universos ficcionais. Como non podía ser doutro xeito, a dor e a desesperación que anticipan a morte reflíctense no silencio literario; na imposibilidade de comunicación. E plasmar o silencio en literatura, sobre todo a través da recreación dos estilemas representativos de catro autores excelsos, require oficio e sensibilidade.

Na mesma liña, pero cun discurso moito máis depurado consonte a unha trama que reduce o ser humano á súa esencia máis animal, sitúase *O bosque é grande de profundo* de Manuel Darriba (Xerais). Tamén neste caso se produce unha intersección coa liña máis realista e incluso coa temática da guerra; non tanto da Guerra Civil como da guerra como alegoría. E precisamente esta dimensión metafórica do ser humano que foxe dunha civilización barbarizada cara ao primitivismo do bosque, unido ao traballo estilístico que vai reducindo o peso das palabras para chegar á raíz semántica, é o que afasta o relato do realismo ou da novela histórica.

A vocación estilística tamén está moi presente en *O derradeiro libro de Emma Olsen* de Berta Dávila (Galaxia), autora revelación deste ano pola recoñecida calidade da súa produción poética e narrativa, e, sobre todo, en *A lúa da colleita* de Anxos Sumai (Galaxia), ambas as dúas premiadas: a primeira recibiu o Premio de Narrativa Breve Repsol, mentres que a segunda fíxose co Premio García Barros. Comecemos pola primeira. A protagonista, escritora, consciente da inminencia da súa morte, decide afrontar a biografía da súa adolescencia e primeira xuventude, onde un feito traumático condicionou a súa personalidade futura. En *A lúa da colleita*, Nuria acode ao espazo adolescente, lugar tamén do trauma, na procura de reencontrarse consigo mesma. A

brevidade do resumo non dá conta da complexidade das tramas, fascinantes e moi ben atadas, e da complexidade dos recursos ao servizo da creación de atmosferas cautivantes e moi plásticas. Pero si apunta a outra das correntes temáticas máis fecundas do terceiro milenio: os discursos entorno á construción da identidade. Certo é que a contemporaneidade comporta o individualismo e este o egocentrismo, non entendido de xeito pexorativo, senón en sentido etimolóxico: o “eu” no centro. Alixéirase o peso da comunidade, o que nos fai máis libres, pero nesa liberdade cómpre fixar desde o “eu” unha pautas desde as que encarrearase, desde as que contruírse. Cando o “eu” ten que enfrontarse a un espello trucado, a un espello que condiciona socialmente o reflexo, as especulacións sobre o “eu” problematízanse ao mesmo tempo que se enriquecen. Por este motivo, as achegas desde as perspectivas de protagonistas femininas que teñen que construírse loitando contra os estereotipos, moito máis que os protagonistas masculinos contruídos de xeito non marcado, engaden un atractivo máis. Ata non hai moito, a construción da identidade na narrativa galega pasaba, fundamentalmente, por ubicarse nunha cultura e nun país. Na actualidade, aínda que si se constata en maior medida esta inqueda na produción poética, a cuestión comunitaria non deixa de ser un círculo máis que engadir a outros discursos: a globalización, o ecoloxismo, a posición en Europa, a sociedade dos *media*, a situación socioeconómico... e o feminismo. A redefinición social dos xéneros pon no centro a muller, xa que ela, ao mover os marcos que configuraban a muller convencional, convértese no elemento máis activo que obriga a desprazar a concepción do masculino. De aí o atractivo das protagonistas mulleres, incluso para os autores homes. Manuel Portas, en *Faneca brava* (Xerais) artella a narración arredor de Concha, unha muller afouta que tivo que loitar, desde ben nena, contra os prexuízos e os abusos por parte da vila na que habitaba e por parte da súa familia. Por outro lado, Ignacio Vidal Portabales, en *Dióxenes en Dolorida*, premio Blanco Amor, coa desculpa de seguir os pasos dun grupo de homes que fracasaron nas súas relacións de parella e que deciden vivir á marxe dos canos sociais, revisa ironicamente algúns dos tópicos máis castrantes sobre o “ser home”, seguindo a outros autores que afondan na masculinidade como construto que convén redefinir *ex novo*.

Esta panorámica da narrativa galega de 2013 pretende dar conta das liñas de forza que están a condicionar boa parte dos textos. Pero non quixera deixar de sinalar outros factores importantes. Neste ano continúaase a consolidar o espazo da web como espazo literario da crítica, máis que dos textos de ficción, xa que os autores aínda se amosan algo reacios a cambiar o sistema de edición e distribución. Isto dá lugar ao debate arredor do papel que debe xogar a internet e do tipo de recepción que ocasiona. Por outra banda, afiánzanse novos xéneros como o ensaio grazas ás novas editoriais especializadas como 2.0 Editora, Eiseino? ou Axóuxere, e a literatura fantástica e de terror, á que se dedican editoriais como Urco. Tamén se estabiliza a presenza da tradución, non tanto en coleccións das editoriais clásicas, senón en editoriais como Rinoceronte, que xa conta cuns anos, ou Hugin e Munin.

Ata aquí o bosquejo dunha literatura que, pese ao que poida parecer dada a súa condición minorizada, no que a temáticas textuais se refire, no 2013 son máis as

semellanzas que comparte con outras literaturas europeas que as características que as diferenzan. Se analizásemos outros elementos que conforman o que se dou en chamar “sistema literario”, como a recepción, distribución e publicidade, as conclusións serían outras. Pero este tema, ben interesante, daría para bastantes máis das páxinas que require unha valoración do tipo que aquí nos ocupa.